
NA COCIÑA DE NOITE

Texto e ilustracións de MAURICE SENDAK

Tradución de XOSÉ MANUEL GONZÁLEZ

Encadernado en cartón. 21,5 x 28 cm. 48 páx. 15 €

- CALDECOTT HONOR BOOK 1971
- NEW YORK OUTSTANDING BOOK OF THE YEAR
- SCHOOL LIBRARY JOURNAL BEST BOOK
- NEW YORK TIMES BEST ILLUSTRATED BOOK
- ALA NOTABLE CHILDREN'S BOOK
- LIBRARY OF CONGRESS CHILDREN'S BOOK

Na cociña de noite (galego)

ISBN 978-84-8464-852-9. Tras os montes

La cocina de noche (castelán)

ISBN 978-84-8464-851-2. Libros para soñar

A la culna, de nit (catalán)

ISBN 978-84-8464-857-4. Kalandraka

Gaueko sukaldean (éuscaro)

ISBN 978-84-7681-816-9. Kalandraka-Pamiela

Na cozinha da noite (portugués)

ISBN 978-989-749-014-9. Livros para sonhar


Sabes que lle pasa a Miguel a noite en que sente un ruído e grita: Calade dunha vez!

E, espido, fúndese nas sombras, mentres a lúa o mira e os pais soñan, e cae na masa dun pastel?...

“Na cociña de noite” é un clásico de 1970 no que Maurice Sendak evoca lembranzas da súa nenez: o autor tiña 11 anos cando, na Feira de Nova York, quedou marabillado diante do escaparate da pastelería Sunshine Bakers, cuxo lema era “Nós forneamos para ti mentres ti durmes”. Anos despois, Sendak contaría que este libro foi unha especie de vinganza: “Agora son o bastante maior para quedar esperto pola noite e saber que pasa Na cociña de noite!”.

Trátase dun relato onírico, un texto rimado que transmite diversión e enerxía, protagonizado por un neno e tres pasteiros caracterizados como Oliver Hardy. As ilustracións son unha homenaxe ao *Little Nemo in Slumberland*, de Winsor McCay, do que recoñecía a súa influencia artística: “Debuxamos, non sobre a memoria literal da nenez, pero si sobre a memoria emocional, a súa tensión e a súa urxencia. Ningún de nós esqueceu os seus soños infantís”.

Pola cantidade de galardóns que recibiu, converteuse nunha obra de referencia. Non obstante, foi censurado en bibliotecas públicas e escolares por un sector conservador da sociedade norteamericana, que consideraba escandalosas as páxinas nas que o protagonista aparecía espido.



- **Temática:** relato onírico ambientado nunha pastelería de Nova York.
- **Idade recomendada:** desde 4 anos.
- **Aspectos destacables:** galardoado coa Medalla Caldecott, entre outros premios; homenaxe ao *Little Nemo* de Winsor McCay; do autor e ilustrador de “Onde viven os monstros”.

Maurice Sendak

(Brooklyn, Nova York, 1928 – Connecticut, 2012)

Dende 1951 produciu máis de 90 libros infantís, unha traxectoria que o levou a recibir en 1970 o Premio Andersen e o Premio Laura Ingalls Wilder en 1983. En 1996 o Goberno dos Estados Unidos entregoulle a Medalla Nacional das Artes e en 2003 concedéronlle o Premio Internacional Astrid Lindgren de Literatura Infantil, xunto coa autora austríaca Christine Nöstlinger. Fillo de inmigrantes xudeus de orixe polaca, Sendak estudou pintura e debuxo no Art Students League de Nova York. Conseguiu o seu primeiro emprego como ilustrador para All America Comics e en 1951 comezou a traballar como ilustrador para a editorial Harper and Brothers. Impulsou unha auténtica revolución no panorama literario infantil polas ideas, a forma e o contido dos seus libros. A crítica especializada calificábao como “un dos homes máis influentes dos Estados Unidos, porque darlle forma á fantasía de millóns de nenos é unha terrible responsabilidade”.

